

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 7 DE NOVEMBRO DE 2019

### **Asistentes:**

#### **Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

#### **Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### **PDI**

Pérez Losada, Fermín

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

#### **PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

#### **Estudantes**

Casanova Cudeiro, Manuel

Ferreiro Calvo, Mireya

Herrero López, Yoguesvar

Lozano Ramírez, Amado Tierra

Valeiras Martínez, Ricardo Ignacio

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

### **Desculpan a súa ausencia:**

#### **Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

#### **PDI**

Comendador Rey, Beatriz

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o xoves 7 de novembro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de outubro de 2019.

2.- Informe da presidenta.

3.- Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade

3.1.- Procedemento de Orientación ao Alumnado. (DO\_0203 P1).

3.2.- Informe do PAT do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2018/2019.

3.3.- Política e Obxectivos de Calidade do curso 2018/2019.

3.4.- Estado actual do Plan de Actuación de liñas estratéxicas.

3.5.- Prórroga ou renovación dos criterios de asignación de materia de Prácticas Externas.

4.- Cambios no procedemento de control da docencia nas aulas.

5.- Aprobación, se procede, unha vez finalizado o proceso electoral, do nomeamento dos novos membros que representarán a cada sector, nas seguintes comisións:

4.1.- Comisión Permanente

4.2.- Comisión de Calidade

4.3.- Comisión de Compensación

4.4.- Comisión de Prácticas

6.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

**1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de outubro de 2019.**

Apróbase por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Inicia a sesión, dando a benvida aos novos membros da Xunta que se incorporan unha vez finalizado o proceso electoral. Continúa recordando que a facultade dispón de contas nas redes sociais de Facebook @facultadehistoriaourense e Instagram @historiaourense. As redes funcionan como nexos para conectar a facultade co alumnado, porque as veces a comunicación non é doada, aínda que se poñen carteis, se envían correos ao alumnado e se sube toda a información puntual á páxina web.

En relación aos asuntos económicos do centro explica que as tarefas de promoción das titulacións e captación do alumnado o centro inviste na contratación de dúas empresas: *Xeitura* formada por antigos alumnos e alumnas que promociona a modalidade presencial en Ourense e Pontevedra; e *Nasas*, que realiza as actividades de promoción do Grao semipresencial, xestiona as redes sociais e foi a encargada de crear fai uns anos a imaxe de personaxes históricas que na actualidade se identifican co centro e que tiveron e teñen unha grande repercusión. A idea é que o excedente dos orzamentos da facultade se pase a esa empresa.

A decana tamén informa que Julia Armesto, coordinadora do Programa de Doutoramento de Patrimonio Cultural, no que participa a maioría do profesorado do Centro, organiza unha sesión co obxectivo de por en contacto ás persoas que está facendo ás teses, e unhas conferencias; solicita colaboración da facultade para asumir os gastos protocolarios das citadas actividades. Esa colaboración consistirá no pagamento dunha cea de 5 comensais e o desprazamento do autobús a Trasalba, onde se celebrarán a xornada.

Noutro orden de asuntos, comunica que o libro do congreso do Campus da Auga que edita a facultade de Historia, está a piques de saír, xa se entregaron as segundas probas de imprenta.

Informa de que hai nestes momentos tres profesores de baixa, Alberto Valín, Yolanda Barriocanal e María López. A substitución da docencia dos dous primeiros realizouse o máis axiña posible e con poucas perdas de clases. A baixa de María López non afecta á docencia porque as súas actividades docentes están no segundo cuadrimestre.

Lembra ao profesorado e ao alumnado que cando se realicen saídas de campo poden enviarlle por Whatsapp fotos das mesmas para difundilas nas redes.

## 3.- Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade.

### 3.1- Procedemento de Orientación ao Alumnado. (DO\_0203 P1).

Este procedemento foi modificado desde os Servicios Centrais da Universidade de Vigo, explícanse as modificacións. Apróbase por asentimento.

### **3.2.- Informe do PAT do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2018/2019.**

Este punto foi retirado da sesión anterior porque o documento non chegou a tempo para presentalo. No citado documento o coordinador do PAT, Adolfo Fernández, comenta as escasas incidencias do pasado curso. O principal problema que detecta e que polo seu carácter semipresencial é moi complicado que participen nas enquisas de satisfacción e imposible nas de Avaliación Docente. Apróbase por asentimento.

### **3.3.- Política e Obxectivos de Calidade do curso 2018/2019.**

A decana comenta que este procedemento tiña que presentarse inmediatamente despois do informe de Revisión pola Dirección, pero que se foi demorando a súa elaboración ata o día de hoxe. O seu contido deriva precisamente da análise de datos que se realiza no informe, o obxectivo é axustar as previsións deste curso aos datos acadados no anterior, en varios aspectos relevantes en relación co Centro. Na súa elaboración preténdese ser o máis realista posible. Acertar ou aproximarse ás expectativas que se presentan en número, supón que a marxe da improvisación dos resultados é escasa, polo que se pode derivar un bo coñecemento da realidade do Centro. Apróbase por asentimento.

### **3.4.- Estado actual do Plan de Actuación de liñas estratéxicas.**

En substitución do plan estratéxico da Facultade, a espera que a UVigo actualice o da Institución, o curso pasado definimos as nosas liñas de actuación estratéxicas programadas entre os anos 2018-2021. É un documento pechado, polo que non é posible actualizalo, pero si revisalo para analizar as actuacións executadas e pendentes. Entre as primeiras figura o incremento da relación coa contorna, como se materializa nos convenios con Concellos, destacando os proxectos relacionados coa arqueoloxía, aínda que non son exclusivos. En relación aos traballos realizados ao longo destes anos coa comarca de Monterrei, solicitamos unha axuda a Xunta de Galicia para organizar no mes de febreiro un congreso para presentar os resultados das investigacións que abranguen desde a prehistoria ata época medieval.

Unha segunda acción desenvolvida é a promoción do Grao polas vías validadas nesta Comisión e que seguen a ser efectivas, xa que , por terceiro ano consecutivo alcanzamos - e este sobrepasamos - as cifras de primeira matrícula que esixe a Xunta de Galicia. A actividade máis significativa en relación coa visibilidade do centro e do Grao son as Olimpíadas Galegas de Historia, o curso pasado celebramos a II edición, na que participaron 30

centros de Ensino Secundario de toda Galicia (salvo Lugo), e temos a intención de celebrar a III edición en maio. Outro dos obxectivos é a transparencia que todo o que pase sexa accesible e cómodo. A web reformouse, creouse conta en Instagram, renováronse parte dos equipos informáticos da aula.

O punto máis feble das liñas recollidas, refírese ao incremento do cadro de profesorado, un dos problemas máis importantes do Centro neste momento. Ata de agora o único incremento foi o profesor titular da área de Historia Contemporánea Domingo Rodríguez, que pasou a estar adscrito á facultade. Sen embargo a substitución da xubilación do profesor titular da área de Historia América foi a través dun profesor asociado, Xosé Ramón Campos, o motivo que argumenta a Reitoría é que para sacar unha praza consolidable habería que ampliar docencia nesa área.

É evidente que hai un importante problema de envellecemento do cadro do persoal docente. A decana opina que é imprescindible que ao Centro se adscriba xente nova con forza e ganas de ocupar postos de xestión. Volve a recordar a finalización do mandato no decanato do centro en xaneiro de 2020. Considera que a renovación das persoas nos cargos é fundamental. Seguirá insistindo e negociando os aspectos desta problemática do cadro de persoal en vindeiras reunións co equipo de goberno da UVigo.

### **3.5.- Prórroga ou renovación dos criterios de asignación de materia de Prácticas Externas.**

Dado que o procedemento de asignación de Prácticas é eficaz e operativo, propónse a súa prorroga. Apróbase por asentimento.

### **4.- Cambios no procedemento de control da docencia nas aulas.**

O procedemento empregado para o control da docencia das aulas é un tanto arcaico e supón unha considerable carga de traballo para o persoal da secretaría de decanato e de conserxería, ademais do gasto de papel. A Facultade de Ciencias da Educación implantou un sistema no que o profesorado confirma a súa presenza na aula a través dunha aplicación informática, aínda que non realiza un proceso de identificación. Consultouse con Javier Rodeiro, director de área de infraestruturas sobre o custe de esta acción e que a Facultade de Ciencias de Educación pagou 4000 euros pola plataforma. O acordo ao que se chegou é que como esa Facultade propuxo melloras na aplicación, este custe que sería de 2000 euros o podería asumir a Facultade de Historia.

A secretaria Josefina Cadilla manifesta a súa postura contraria dado que lle parece un sistema moi rudimentario e moi caro. Non é proporcional o seu custo ao servizo que presta, a maiores considera que é a UVigo a que tería que asumir o custe de control horario do seu persoal. Intervén tamén para dar a súa opinión o profesor Antonio Presedo e a profesora Beatriz Vaquero. Parte dos presentes expoñen que

é un tema que se debería realizar a nivel universidade non a nivel facultade. A decana indica que a nivel universidade de momento non está en proxecto levalo a cabo, a única opción neste momento é que a Facultade tome a iniciativa.

Conclúese que se o sistema permite identificar á persoa, e polo tanto é personalizado, se podería implantar asumindo a facultade o custe. A decana volverá a tratar con Javier Rodeiro para verificar se pode ser con identificación. En caso afirmativo se comezaría co proceso. Apróbase por unanimidade.

**5.- Aprobación, se procede, unha vez finalizado o proceso electoral, do nomeamento dos novos membros que representarán a cada sector, nas seguintes comisións:**

#### **4.1.- Comisión Permanente**

Introdúcense os seguintes cambios: polo sector alumnado entra Amado Tierra Lozano Ramírez, o resto de membros continúan sendo os mesmos.

#### **4.2.- Comisión de Calidade**

Introdúcense os seguintes cambios: polo sector alumnado entra Manuel Casanova Cudeiro, polo sector PAS entra Josefa Rodríguez Bouzas. Beatriz Comendador mantense como membro, pero en representación do PDI, o resto de membros continúan sendo os mesmos.

#### **4.3.- Comisión de Compensación**

Introdúcense os seguintes cambios: como vogal representante do alumnado entra Ricardo Ignacio Valeiras Martínez, como vogal representante do PDI Beatriz Vaquero substituirá a Jesús de Juana, o resto de membros continúan sendo os mesmos.

#### **4.4.- Comisión de Prácticas**

Introdúcense os seguintes cambios: polo sector alumnado entra Alba Crespo Nogueira, polo sector PAS entra Josefa Rodríguez Bouzas, o resto de membros continúan sendo os mesmos.

#### **6.- Rolda de intervencións.**

Non se presentan

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.10 h do día 7 de novembro de 2019, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba